

DECRETO

1. A Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais regula no seu título V o comportamento dos cidadáns na súa convivencia diaria e prohíbe, con carácter xeral, a produción de ruídos, especialmente nas horas de descanso nocturno.

O incumprimento desas obrigas cualifícase no artigo 66 da Ordenanza como “infracción leve” e a súa comisión, logo da instrución do oportuno expediente, sanciónase cunha multa de entre 60,10 e 1.502,53 euros.

2. A ampla marxe fixada pola Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais para a determinación das propostas de sanción pola comisión das infraccións tipificadas no seu artigo 66 aconsella o establecemento duns criterios homoxéneos que orienten ao instrutor do procedemento sancionador.

Os criterios que se establezan deben estar dirixidos, á súa vez, cara a defensa do ben xurídico a protexer: a saúde das persoas. Ao respecto, tanto a xurisprudencia nacional como, sinaladamente, a do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (p.e. ss. 16/11/2004 e 16/01/2018) entenden que o ruído atenta contra o dereito á vida e, en consecuencia, impelen ás Administracións Públicas a adoptar as medidas necesarias para eliminar ese ruído.

3. O artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público establece que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Único.- Aprobar a instrución para a tramitación dos procedementos sancionadores polo incumprimento das obrigas do título V da Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, que é do seguinte teor:

“INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES POLO INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DO TÍTULO V DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUÍDOS, VIBRACIÓNS E CONDICIÓN DOS LOCAIS

I. Obxecto.

O obxecto desta instrución é establecer uns criterios homoxéneos na tramitación dos procedementos sancionadores iniciados como consecuencia do incumprimento das obrigas

reguladas no título V da Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

II. Infraccións.

A Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais regula no seu título V o comportamento dos cidadáns na vía pública e na convivencia diaria, prohibindo, con carácter xeral a produción de ruídos, especialmente nas horas de descanso nocturno.

O incumprimento das obrigas previstas no título V da Ordenanza cualifícase no artigo 66 como infracción leve, ao dispor que *“Constitúe falta leve: (...) f) A contravención das obrigas previstas nos parágrafos do título V desta ordenanza”*.

III. Sancións.

1. As infraccións tipificadas na Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais serán obxecto, logo do inicio e tramitación do oportuno procedemento, das sancións tipificadas, sen prexuízo das responsabilidades penal, civil ou doutra orde que puidesen concorrer.

2. O artigo 69 da Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais dispón que as infraccións leves se sancionarán con multa de 60,10 a 1.502,53 euros.

Na determinación da sanción gardarase a debida adecuación entre a gravidade dos feitos constitutivos da infracción e a sanción aplicada. Para avaliar a gravidade da infracción resulta inescusable analizar o seu grao de afectación ao ben xurídico protexido: a saúde das persoas, para cuxa conservación resulta indispensable garantir un adecuado descanso.

3. Resulta evidente que a afectación que as condutas infractoras tipificadas no artigo 66 da Ordenanza causan ao benestar e saúde das persoas é maior e producen un maior dano de producírense canto máis avanzado está o período normal de descanso. En consecuencia, a gravidade das condutas infractoras será maior, porque maiores son os prexuízos que causan, canto máis tarde se producen na madrugada.

4. Para os efectos de establecer criterios homoxéneos, fíxanse as seguintes directrices orientadoras, en canto ás contías, das propostas de resolución dos procedementos sancionadores por infracción das obrigas previstas no título V da Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais en canto ás

contías, sen prexuízo do criterio de cada instrutor para valorar cada caso concreto e adaptar a sanción ás singularidades do caso:

- Feitos acontecidos entre as 22.00 e as 24.00 horas: 200,00 euros.
- Feitos acontecidos entre as 24.01 e as 03.00 horas: 500,00 euros.
- Feitos acontecidos entre as 03.01 e as 07.00 horas: 750,00 euros.”

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020.

O Concelleiros Delegado de Mobilidade,
Seguridade Cidadá e Festas.

Gonzalo Muíños Sánchez.